

ACTA DA REUNIÓN ORDINARIA DO CONSELLO MUNICIPAL DE CULTURA, CELEBRADA NO SALÓN DE ACTOS DA CASA DE CULTURA DE SILLEDA, O DÍA 10 DE MAIO DE 2013, COA ASISTENCIA DAS ASOCIACIÓNS E OS SEUS REPRESENTANTES QUE A CONTINUACIÓN SE RELACIONAN, PREVIA CONVOCATORIA CURSADA AO EFECTO:

- D. Xosé Iglesias Andrade, Asociación de Veciños “ Guadalupe “ de Rellas
- Dona Fina González, Asociación de mulleres “ San Martiño “ de Rellas
- Dona Ana M^a Guzmán Santiso, Asociación Cultural e Musical “ Gaiteiros “ de Martixe
- Dona Sara Salgueiro Gómez Asociación Cultural e Veciñal de Ansemil-Martixe
- Dona M^a Carme Maldonero representada por Pili Peón, da Asociación de Santiago Apóstolo de Taboada
- Dona Pilar Peón Iglesias, Asociación Sociocultural “ Avanza Trasdeza “ de Silleda
- D. Manuel Sanguiao – delegado pola representante-, Asociación Cultural “ Vista Alegre “ da Bandeira
- Dona Dorita Parada Paz, Coral Polifónica “ Trasdeza “ de Silleda
- D. Xosé Herminio Gómez Frade, Asociación de Veciños “ A Trabe “ de Ponte
- D. Manuel Donato , Asociación de veciños AVEMA de Manduas
- D. Herminio Gómez Frade –delegado polo representante-, Asociación Amigos da Banda de Música de Silleda
- D. Diego Cuiña Iglesias, Asociación da Banda Recreativa e Cultural da Bandeira
- D. Xosé Llinares Climent, Asociación de Veciños de Parada
- Dona María Sánchez – delegada pola representante-, Asociación de Mulleres Rurais “ Santa Isabel” de Escuadro.
- D. Aurelio Fernández Villaverde, Asociación de Gaitas “ Carqueixas “ e os seus Acordeóns de Lamela.
- D. Xosé Manuel Folla, -delegado pola representante-, Asociación Mulleres Rurais de Abades.
- D. Xosé Manuel Folla, Asociación de veciños A Costa.

- XUSTIFICAN A SÚA AUSENCIA, a Asociación Xuvenil Fortín da Pomba da Bandeira e a Asociación Cultural O Cruceiro de Breixa.

INCORPÓRANSE AO CONSELLO:

- D. Luís Rodríguez, Asociación de Veciños San Martín de Negreiros
- D. Ernesto Corrales –delegado pola representante-, Asociación ANPA “ Musiquiños” de Silleda
- Dona Laura Fernández Carnoto, Asociación Amigos da Empanada da Bandeira

Sendo as 20:45 horas do día arriba indicado polo Sr. Presidente: D. Manuel Cuiña Fernández, 1º Tenente de Alcalde e Concelleiro Encargado da Área de Participación Cidadá do Concello de Silleda, ábrese a sesión e previo agradecemento ás Asociacións pola súa asistencia á presente convocatoria do Consello de Cultura, primeiro deste semestre, pásase a continuación a tratar os asuntos incluídos na ORDE DO DÍA:

Informa a todos os presentes o Sr. Presidente e 1º Tenente de Alcalde que dentro do amplo concepto de participación cidadá hai funcionando xa dos Consellos , un o de Cultura e o outro o de Educación, pero aínda hai que constituír outros dous, o Consello de Deportes e o de Facenda e Comercio, para que así contar cun Concello máis participativo onde as Asociacións e Colectivos teñan voz e protagonismo.

1.- LECTURA E APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR SE PROCEDE:

Lida polo Sr. Secretario a Acta da anterior Sesión, esta é aprobada por unanimidade.

2.-MODIFICACIÓN DOS CARGOS DIRECTIVOS DO CONSELLO MUNICIPAL DE CULTURA:

Unha vez aprobado unanimemente e por aclamación por todos os presentes a nova composición do Consello de Cultura, este queda constituído como sigue:

1. Presidenta: Dona Margarita Campos Espiño, Concelleira de Cultura
2. Vicepresidente: Don Diego Cuiña Iglesias, en representación das Asociacións
3. Secretario: Don Xosé Ramón Vázquez Barcala, Traballador do Concello de Silleda
4. Vogais: Representantes de tódalas Asociacións e Don Manuel Cuiña Fernández, 1º Tenente de Alcalde e Concelleiro Responsable da Área de Participación Cidadá.

3.- PROGRAMACIÓN CULTURAL ASOCIATIVA E MUNICIPAL:

Toma a palabra a recién nomeada Presidenta do Consello de Cultura informando a todos os presentes de que foron declaradas de Interese Turístico Galego os Xenerais do Ulla e a Romaría da Tortilla de Laro, do cal como silledenses nos sentimos orgullosos e felicitamos a tódolos que loitaron durante estes anos para conseguir esta denominación así como as parroquias e veciños onde se celebran estes eventos tradicionais, culturais, gastronómicos e lúdicos.

Así mesmo, continúa a Señora Presidenta, que está encamiñada e dando xa os primeiros pasos a realización dunha actividade que se denomina Tradicioneando “ historias de onte e hoxe “, que se fai con motivo do Día Europeo da Interxeneracionalidade, é fundamentalmente nun traballo audiovisual, que consiste en gravar aos nosos maiores as súas historias, as súas vivencias.....e tamén aos máis novos, aos nosos rapaces e rapazas, para cotexar e comparar deste xeito dúas formas de interpretar, de gozar e de ver e vivir a vida, a estrea desta iniciativa será No Centro Social dos Maiores da Bandeira e na Casa da Xuventude de Silleda.

Outra actividade a ter en conta é o II Concurso de microrrelatos e microcurtas que que está dirixido a tódalas persoas maiores de 13 anos e a súa temática principal será sobre “ As tradicións galegas “, en ditos relatos valóranse a orixinalidade e a creatividade, dita actividade rematará o día 16 de maio e o fallo do xurado darase a coñecer o 25 de maio.

Tamén están convocados os artistas de Silleda para en base a un Concurso de Ideas presenten un “ motivo institucional “ do Concello de

Silleda , a idea é que o Concello conte, no sucesivo, cunha “obra” que o identifique nas múltiples facetas e actividades do seu acontecer diario, remata o prazo de presentación das referidas ideas o día 22 deste mes.

Estamos, nestes intre, coa celebración de múltiples actividades, tanto en Silleda como na Bandeira coa finalidade de potenciar e difundir o do Día das Letras Galegas.

Por outra banda, indica a Señora Presidenta que este ano, a Romaría do Rapaz, celebra a súa 25 Edición, e queremos volver ás orixes e que sexa esta Edición, a celebrar en xuño, especial en canto que os nenos e nenas de Silleda e Comarca volvan a ser os auténticos protagonistas da Festa, e como Concelleira de Cultura, pide a tódolos Colectivos a colaboración e participación para entre todos darlle o realce que o evento se merece, a tal fin a Concellaría ten a intención da elaboración dun documental con entrevistas aos nenos e nenas que a iniciaron e convida a todos a contribuír con fotografías, folletos, carteis e vídeos que se poidan ter nas casas.

Xa para rematar con este terceiro punto, informa tamén a Presidenta que dentro do Programa “ Xuventude en Acción “ proximamente recibiremos en Siador, Silleda, a nenos portugueses, lituanos e españois, que durante unha semana, vivirán unha experiencia de convivencia e encontro entre rapaces de distintos países.

Algún Colectivo presente, en canto a Romaría do Rapaz, indica que non estaría demais incidir en aumentar os xogos tradicionais, en concreto Aurelio Villaverde, ofrécese a colaborar co seu traballo neste sentido, sese require a súa participación.

4.- PROPOSTAS CULTURAI:

A Concelleira de Cultura, pasa seguidamente, a informar á Sala que xa están redactadas as Bases de Subvención ás Asociacións Culturais deste ano para funcionamento e actividades das mesmas, só queda pendente a súa publicación no BOP, unha vez publicadas, como é tradicional enviaránselle a tódalas Asociacións para que estas preparen os expedientes de subvención e os presenten no Concello de Silleda, así mesmo informa que se cambiaron os criterios de cualificacións das mesmas que se especifican nas Bases, e que, no caso de que unha vez establecidas as puntuacións, existes fondos na partida, incrementaráselle a subvención a aqueles colectivos que contén cunha trayectoria temporal demostrable, e mesmo se realizará un incremento da subvención para aqueles colectivos que para o desenvolvemento das súas actividades precise de directores especializados.

Os colectivos que o desexen poderán solicitar o adianto do 50 % da subvención..

Propónse a creación dun Boletín Informativo Cultural, no que estarán reflexadas todas as actividades a realizar polas asociacións e o Concello. Para os colectivos non suporía custe algún, xa que sería realizado pola Concellería de Cultura. Propónse a publicación de tres boletíns ao ano: un antes de Nadal, un antes de entroido, un antes do verán. Este tema é aprobado por unanimidade.

Outra das propostas que presenta a Concelleira de Cultura é a de ofertar xornadas de formación ás asociacións, relacionadas con xestión de documentos, tramitación de subvencións... etc, que serían titorizadas por persoal municipal. Para estas xornadas será preciso que o soliciten un mínimo de cinco asociacións.

5.- VARIOS:

Nun amplo diálogo e intercambio de iniciativas, apróbase por todos:

Avanza Trasdeza, por medio da súa representante, pide que as reunión dos Consellos sexan realmente operativas e non se queden soamente no papel.

O Sr. Representante da Asociación de Parada quéixase dos horarios que son pouco acordes para que poidan asistir as xentes do campo, e os horarios de convocatoria débense levar a raxatabla e cumprilos, así como tamén se queixa de que nas parroquias recíbese moi pouca información en canto a carteis, bandos etc. por parte do Concello.

O Sr. Concelleiro de Participación Cidadá e 1º Tenente de Alcalde de Alcalde, D. Manuel Cuiña, respóndelle que rexeita a referida falta de información nas parroquias xa que sempre se colocan tres carteis por parroquia dos eventos que teñen certo calado e son de importancia para tódolos veciños do Concello.

Por parte da Sr. Presidenta, en canto ós seguintes horarios de comezo dos Consellos de Educación quedan, comezo ás 20:00 h. para os que se celebren en inverno e ás 21:00 h. para os que teñan lugar no verán, así como insiste e está conforme que debemos todos respetar a puntualidade en

beneficio de todos. En canto aos horarios é aprobado por todas as Asociacións.

Tanto a Directiva do Consello como as Asociacións que o compoñen aproban que as reunións do mesmo sexan rotativas e se celebren, no sucesivo, polas distintas parroquias que teñan suficiente infraestrutura para acoller a tódolos compoñentes.

Finalmente, o Sr. 1º Tenente de Alcalde e Concelleiro de Participación Cidadá, indica a todas as Asociación que ás reunións dos Consellos poden traer temas que tamén afecten a outras áreas do acontecer municipal, a Directiva do Consello, encargárase de facerlle chegar ao Concelleiro Correspondente e Responsable de dito asunto.

Por último acórdase que, a partires desta convocatoria, se fagan chegar as actas do Consello ás asociacións adscritas ao mesmo.

E, non habendo máis asuntos de que tratar, sendo as 22:00 horas, pola Señora Presidenta levántase a Sesión estendéndose dela a presente Acta que asinan a Presidenta e o Secretario en sinal de conformidade.-

A PRESIDENTA
Margarita Campos Espiño

O SECRETARIO
Ramón Vázquez Barcala